

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e oito de xaneiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das sesión ordinarias da Xunta de Goberno Local do 17, 26 de decembro e da extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase dar conta do decreto número 371/2026, do 19 de xaneiro de 2026, relativo ao nomeamento do interventor xeral municipal deste Excmo. Concello (2026/G004/000027).

2. INTERVENCIÓN.- Acórdase a aprobación do proxecto de orzamento xeral municipal 2026 e documentación complementaria.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación - mediante lotes - da subministración de produtos de alimentación en xeral (lote 1) e alimentos frescos (hortalizas, vexetais, verduras e froita) lote 2 no fogar do transeunte. exp. ref. 2025/C004/000041.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7602505183475082868.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-1-2026

Tamén se acorda a prórroga dende o 18.04.2026 ata 17.04.2027 no contrato para o servizo de colaboración co Concello de Lugo para a asistencia xurídica e representación e defensa en xuízo. exp rf: 2024/C003/000001.

Do mesmo xeito, acórdase a modificación do contrato para inclusión do servizo de comedor na EEI Fingoi 2, no contrato do servizo de elaboración e distribución de almorzo e comida así como atención e apoio durante dito servizo levados a cabo pola concellaría de educación nos CEIPS de Lugo. exp. ref.: 2025/C003/000021.

4. TESOURERÍA.- Acórdase a aprobación do plan de control tributario do Concello de Lugo 2026.

5. PERSOAL.- Acórdase declarar deserta a cobertura, en comisión servizos dun posto de xefe/a no servizo de prevención de riscos -xefatura de servizo.

Acórdase o pase a segunda actividade de un -policía local do Excmo. Concello de Lugo.

6. FOMENTO.- Acórdase aprobar o texto e posterior sinatura do convenio específico de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Comisión Europea, no marco do proxecto Europe Direct (ED) coa Comisión Europea conforme ao documento anexo a este expediente número 2026/A006/000003 -/ tramitación de convenios.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

7. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobación da organización municipal para a xestión do pai novo norte no marco do desenvolvemento urbano sostible, con cargo ao fondo europeo de desenvolvemento rexional (período de programación 2021- 2027).

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA

LINGUA

8. CULTURA.- Acórdase aprobar o informe proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua relativo á aprobación das bases reguladoras do concurso de disfraces entroido 2026. infantil.

Tamén se acorda aprobar o informe proposta do Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua relativo á aprobación das bases reguladoras do concurso de disfraces entroido 2026. adultos.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

9. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar o cambio de titularidade da concesión administrativa do posto 8 da praza de abastos municipal.

Tamén se acorda aprobar ás autorizacións para a venda no mercado de antigüidades e coleccionismo 2026.

Así mesmo, acórdase aprobar a actualización do rexistro de persoas vendedoras no mercado tradicional do Concello de Lugo. ano 2026.

Fóra da orde do día

- Atribución temporal de funcións como xefe do Servizo de Prevención e Saúde a un funcionario do Concello de Lugo.
- Informe proposta de resolución de cobertura temporal en comisión de servizos do posto de auxiliar administrativo de prevención e saúde no Excmo. Concello de Lugo.
- Informe proposta de resolución de cobertura temporal en comisión de servizos do posto de auxiliar administrativo de persoal no Excmo. Concello de Lugo.
- Informe proposta de resolución de cobertura temporal en comisión de servizos do posto de adjunto/a do Servizo de Arquitectura no Excmo. Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7602505183475082868.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-1-2026

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxó Fernández.